

ORGANIZACIÓN DE MATEMÁTICAS NA RÚA

FERNÁNDEZ FONTELA, IRIA

IES San Mamede (Maceda)

OCAMPO SANMAMED, ANA MARÍA

IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia)

A actividade *Matemáticas na rúa* vén promovida dende a Federación Española de Sociedades de Profesores de Matemáticas (FESPM) como unha actividade lúdica que pretende achegar as matemáticas e a súa beleza ao público en xeral, dando un carácter dinámico con contidos matemáticos variados fóra do ámbito escolar.

Os días 27 e 28 de outubro do 2023 a FESPM considerou oportuna a realización dun grupo de traballo para a análise e a reflexión sobre o papel que a celebración de *Matemáticas na rúa* ten na educación matemática da sociedade. Dende ENCIGA queremos dar a coñecer esta actividade e buscar persoas que se impliquen para organizar unha actividade simultánea en todo o territorio nacional organizadas por cada unha das sociedades que forman parte da FESPM.

Non se trata de ensinar as matemáticas convencionais, trátase de popularizalas dun xeito atractivo con actividades axeitadas a cada idade e situación (nenas e nenos, nais e pais, avoas e avós, alumnado ou calquera outra persoa que pase pola rúa). Usando materiais como poden ser cadrados máxicos, tangram, construcións xeométricas, mosaicos ou a papiroflexia, traballaremos o pensamento lóxico, o razoamento ou os contidos que non contempla o currículo (como poden ser os fractais), así como demostracións visuais con material manipulativo, sempre dunha forma divertida e diferente ao que se ve nos libros de texto. É bo contemplar as matemáticas que se agochan detrás dos xogos e extraer o que podemos aprender con eles, así como fomentar esa curiosidade de superar retos e enigmas que nos xera tanta satisfacción e ás veces non valoramos o suficiente.

Os obxectivos do seminario dos días 27 e 28 de outubro no que baseamos esta comunicación son:

- Reflexionar sobre a relación entre o currículo de Matemáticas e as actividades de *Matemáticas na rúa*.
- Analizar as vantaxes de realizar estas actividades en favor da divulgación matemática.
- Afondar na planificación destas actividades e nas necesidades de recursos materiais e persoais.
- Presentar exemplos de materiais que se usan en *Matemáticas na rúa*.
- Facilitar a realización de *Matemáticas na rúa* nas diferentes cidades.

Esta comunicación vai dirixida a todo o profesorado de matemáticas ou doutras ciencias que teña interese en coñecer a actividade, así como a aquelas persoas que queiran colaborar na súa organización.